

CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E ASPANAES PARA TRABALLOS DE URBANIZACIÓN A REALIZAR NA CONTORNA DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, Ignacio Labella Lozano, en calidade de presidente da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA), ASPANAES.

As partes recoñecen mutuamente a capacidade xurídica para obrigarse en virtude da celebración de este convenio e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia é a axencia pública autonómica creada co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Así mesmo, tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.



SEGUNDO.- Que a Asociación de Pais de Persoas con Transtorno de Espectro Autista (TEA), ASPANAES solicitou con data 3 de abril de 2019 a cesión do uso do edificio do cámping sito no Monte do Gozo con destino a un servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con TEA y servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.

ASPANAES é unha entidade declarada de utilidade pública polo Ministerio de Xustiza e Interior, en virtude da Orde do 9 de abril de 1996, atópase inscrita no Rexistro de Asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administracións Públicas, segundo resolución de data 10 de decembro de 1079, con nº de rexistro 824, está acollida o réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, regulado polo Lei 49/2002 do 23 de decembro e inscrita como prestadora de servizos sociais co número E-85 e como entidade de acción voluntaria co nº O-30 e dispón de 6 centros autorizados pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia

TERCEIRO.- Que o Parque do Monte do Gozo é un ben de natureza patrimonial da SA de Xestión do Plan Xacobeo, cunha superficie construída de 110.885 metros cadrados e referencia catastral 001103900NH44G0001SA. Nesta parcela atópase encravado o edificio do cámping, de 7235 m2.

Tanto a parcela como o edificio foron cedidos a ASPANAES a través do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e ASPANAES para a cesión de uso do edificio do camping situado no parque do Monte do Gozo, asinado con data 13.08.2019, por un prazo de 33 anos a contar dende a sinatura do documento privado de cesión, con posibilidade de prórroga por un prazo que non exceda da metade inicial de permanecer as circunstancias de interese público que determinan a formalización da cesión de uso, se así o acorda a SA de Xestión do Plan Xacobeo, previa petición da Asociación formulada con anterioridade ao remate do prazo de cesión. Así mesmo, durante a cesión, o edificio destinarase a fins de interese público e social, sen beneficio para a entidade cesionaria.

Froito deste convenio plantexáronse unhas actuacións a realizar no edificio que se centraron en reformar, reparar e mellorar o inmovible levando a cabo traballos na estrutura, nos cerramentos, nas instalacións, nas cubertas e actuando na cimentación, nas carpinterías, no terreo e na adecuación do interior.

Pero nese proxecto non se incluían obras de urbanización da parcela, nin actuacións nos edificios existentes na mesma adicados a vestiarios da piscina, almacén de material da piscina e recepción e enfermería do antigo camping, que son necesarias co fin de que harmonicen exteriormente coa contorna.



CUARTO.- Que os traballos a executar poden agruparse en varios bloques:

1. **Patios interiores:** Están situados na fachada dianteira. Por un deles encóntrase a entrada principal do edificio e polo outro accédese a varias salas da planta inferior. Quedan delimitados por unhas beirarrúas perimetrais, realizadas en formigón pulido, que serven para cumprir os itinerarios accesibles. As obras a realizar conducirán a minorar as labores de mantemento dos mesmos, conseguir unha boa iluminación dos percorridos e conservar as árbores de folla caduca existentes, que serven para dar sombra ao edificio nos meses de verán e crear un espazo agradable para o disfrute dos usuarios.
2. **Rehabilitación terraza:** Serve de cuberta ao edificio dos vestiarios, e a súa reparación consistirá no saneado das baldosas rotas, impermeabilización de toda a superficie, colocación dun novo solado, levantamento da barandilla para posterior reutilización adaptándoa á normativa vixente.
3. **Edificio de recepción:** Está situado no oeste da parcela, e adicábase á recepción e enfermería do camping. Actualmente encóntrase en moi mal estado e non se contempla darlle un uso específico nin a súa rehabilitación, pero plantéxase darlle un aspecto exterior digno.
4. **Edificio de vestiarios da piscina e almacén anexo:** Consiste nunha edificación que se adicaba a vestiarios masculinos e femininos dos usuarios das piscinas, e adosado ao mesmo encóntrase un almacén de material de piscina e un pórtico, que están debaixo da ala sur do edificio principal. O estado de conservación é nulo, polo que, igual que ao edificio de recepción, plantéxase darlle un aspecto exterior digno.
5. **Instalación de iluminación exterior:** Actualmente a parcela non conta con ningún tipo de iluminación exterior, xa que existen algunhas farolas que non funcionan, están rotas, oxidadas ou sinxelamente arrancáronas. Considérase necesario un mínimo de iluminación, ao menos, nos recorridos que poidan realizar os vehículos, na parte dianteira, como na traseira, e na parte sur, na zona que limita coa piscina.

QUINTO.- Que a Axencia Turismo de Galicia aportará os fondos necesarios para estes traballos de urbanización coa pretensión de desenvolver a través da presente actuación actividades vinculadas ao turismo inclusivo e centro demostrativo dun turismo socialmente responsable e inclusivo.

Para isto, ASPANAES organiza para os usuarios do centro, entre outros, programas vacacionais que facilitan o acceso ao ocio, a cultura e a natureza nas condicións de maior accesibilidade, melloran a calidade de vida e autonomía das persoas con TEA e impulsan a normalización grazas á interacción con outras persoas e ao desenvolvemento de diferentes actividades que non se atopan incorporadas dentro das súas rutinas.

Con estas actividades ofrécense oportunidades de inclusión social e facilítase a accesibilidade cognitiva na contorna do Camiño de Santiago para persoas con TEA e outras persoas con capacidades diferentes.



SEXTO.- Que ao ser ASPANAES a única entidade que pode desenvolver a actuación subvencionada, xa que é a entidade que ten a cesión do uso da parcela e o edificio do parque do Monte do Gozo titularidade da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, e de acordo coas específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese público e social e, polo tanto, non é posible promover a concorrência pública, conforme ao previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, querendo as partes dar un pulo aos servizos que oferta o Monte do Gozo e a súa posta en valor, están interesadas na formalización do presente convenio de colaboración, que rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e ASPANAES para a realización de traballos de urbanización a realizar na contorna do Centro de Día para Persoas con Trastornos de Espectro Autista.

Segunda. Orzamento

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio é de 139.709,75 € (IVE incluído), co seguinte detalle:

PATIOS INTERIORES	64.797,95 €
REHABILITACIÓN TERRAZA	12.906,27 €
EDIFICIOS ANEXOS	10.945,56 €
ILUMINACIÓN EXTERIOR	26.812,82 €
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	115.462,60 €
21% IVE	24.247,15 €
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA	139.709,75 €

A Axencia Turismo de Galicia achegará 139.709,75 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2021.





Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

En todo caso, os investimentos realizados quedarán en beneficio do inmovible.

O cesionario non poderá realizar máis obras que as contempladas no presente convenio sen a aprobación previa da cedente. Sen prexuízo desa obriga, poderá efectuar no futuro todas as obras de reparación necesarias ou mesmo de mellora, sempre e cando non alteren a estrutura nin afecten a seguridade, e quedando a beneficio da cedente ao remate da cesión.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula terceira e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2021**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

De conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, é gasto subvencionable o importe correspondente ao IVE, sempre que se acredite pola entidade beneficiaria que este non é susceptible de recuperación nin de compensación pola mesma.

Cuarta. Compromisos das partes

1. ASPANAES, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas no presente convenio e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- Tramitar todas as licenzas e autorizacións pertinentes necesarias para executar a obra.
- Incluír en toda a documentación, publicación, maqueta, páxina web e cartelería de obra que se realicen derivados do convenio, que os mesmos se realizan “coa colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia”, utilizando a marca turística Galicia regulada por Decreto 121/2011, de 16 de xuño.
- Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior.



- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Axencia de Turismo de Galicia, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, e achegar a información que estas entidades lle requiran.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.
- Presentar declaración da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención, de conformidade co establecido no artigo 11 do apartado d), da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobramento da subvención. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, supere o custo total do proxecto.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, a certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta. Compatibilidade con outras axudas

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima. Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación total as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

a) A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custe da actividade subvencionada.

b) Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A entidade beneficiaria será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

c) Os subcontratistas están obrigados a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

O beneficiario non poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

d) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.

e) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

f) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

g) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente, a través de resolución da persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, previa solicitude por escrito da entidade beneficiaria.

h) Cando a actividade subcontratada sobrepase o 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000€, a subcontratación estará sometida ao disposto no artigo 27.3 da Lei de subvencións de Galicia. Aos efectos do previsto na letra b) desta alínea 3, a entidade beneficiaria deberá solicitar previamente a autorización da Axencia Turismo de Galicia para realizar a citada subcontratación, debendo resolverse pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Oitava.- Xustificación da subvención

1º. ASPANAES deberá presentar a documentación xustificativa dos gastos e do seu pagamento de acordo co artigo 48 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A conta xustificativa conterá:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

f) Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

Así mesmo, achegárase certificación da obra realizada expedida pola empresa contratista, asinada polo director de obra, e conformada polo responsable que ASPANAES nomee para o seguimento das obras.

ASPANAES deberá remitir a Axencia Turismo de Galicia unha reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo da obra e o resultado final unha vez executada a mesma, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

O beneficiario deberá xustificar o procedemento utilizado en todas as contratacións realizadas das que se deriven gastos subvencionables por este convenio. En todo caso, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben con suxeición ao artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outro lado, ASPANAES deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.


Ademais de presentarse coa xustificación, deberá acreditarse estar ao corrente das obrigas establecidas no parágrafo anterior, antes da sinatura do presente convenio.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

2º O prazo para xustificar por parte de ASPANAES a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2021. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Axencia Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3º. A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).





4º. A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5º. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Novena.- Pagamentos anticipado e a conta

Conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar, a solicitude de ASPANAES, un pagamento anticipado do 50% da subvención concedida.

Estes anticipos supoñerán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Conforme ao artigo 67.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ASPANAES deberá constituír garantía con carácter previo á concesión do anticipo por importe do 110% da cantidade anticipada.

Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia .

Para proceder aos pagamentos a conta con respecto ás obras de rehabilitación de espazos, o ASPANAES deberá enviar unha certificación da obra realizada expedida pola empresa contratista, asinada polo director de obra, e conformada polo responsable que ASPANAES nomee para o seguimento das obras, xunto coa factura correspondente como xustificante do gasto, e acompañada dunha memoria xustificativa do director de obra e unha reportaxe fotográfica da obra realizada. Achegarase ademais documentación xustificativa que acredite o previo pagamento de todos os gastos que se xustifiquen, cos requisitos indicados na cláusula oitava.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagos anticipados previstos non superará o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Décima.- Reintegro da subvención





Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas Aspanaes deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo primeira.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación que implique o importe correspondente a cada anualidade implicará a tramitación do correspondente expediente de reaxuste de anualidades no expediente de gasto, de acordo co establecido no artigo 27 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo segunda.- Causas de resolución

- a) Extinción da personalidade xurídica do cesionario.
- b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou concesionario.
- c) Caducidade por vencemento do prazo.
- d) Rescate da cesión de uso.
- e) Renuncia do titular.
- f) Incumprimento grave das obrigas do titular, declarado polo órgano que outorgou a autorización do uso en concreto, se os bens cedidos no se aplicasen ao fin sinalado no prazo dun ano dende a sinatura do contrato ou deixasen de estalo con posterioridade, se se descoidasen ou utilizasen con grave quebrantamento o se incumprisen as condicións do acordo, revertendo os bens cedidos á Sociedade
- g) Desaparición do ben.

No caso de resolución da cesión serán de conta do cesionario o detrimento ou deterioro sufridos polos ben cedidos, sen que sexan indemnizables os gastos en que incorrera para cumprir as cargas ou condicións impostas.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento





Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables que se reunirá por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 4.1 d), e recolle a concesión directa dunha subvención, polo que se rexerá, ademais do disposto nas súas cláusulas, pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo R.D. 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve nos seus preceptos declarados básicos, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como pola Lei





1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Alfonso Rueda Valenzuela

Por Aspanaes

Ignacio Labella Lozano